

EQUÍVOCOS

Isaura regresaba da oficina cando alguén lle tocou nun ombro. Volveuse. Cruzaron un saúdo curto. Que tal. Ola. Ante o desconcerto que o home adiviñou na muller, encallada despois de dicir ola no silencio, aquel preguntoulle se o recoñecía. Non sempre se ten fresca a memoria. Por favor, respondeu Isaura, como non o ía recoñecer. Claro que o recoñecía. Que tal, como vai todo, tanto tempo. Dito isto, a muller comezou a consumirse internamente. En efecto non tiña nin a menor idea –nin tampouco a máis remota– de quen podía ser aquel home. Non lle soaba nada. Nin a cara, ni os andares, nin a voz. Nada.

Dicir que non conseguía recoñecelo pareceulle unha mala opción. Máxime cando el actuaba fronte a ela coa confianza e afabilidade dun familiar directo. Desencadeado aquel encontro por sorpresa, pareceulle de mal gusto admitir que non o coñecía. O home sacou a relucir a última vez que coincidiran, e como naquela ocasión el lle comentara que estaba a punto de cambiar de traballo. Lembras? Isaura afirmou rotundamente coa cabeza. Por suposto que lembraba. Eu estaba acabada de operar, complementou para dar realismo á súa fantasía. Operada? O home non sabía nada. Operada de que? Unha fístula. Nada grave. O home congratulouse, e cambiando de tema, quixo saber se a muller mantiña contacto co grupo de vellos amigos. Algúns. Xosé. Antonio. María. Só eses. El recorda a María especialmente porque hai tres anos coincidiron nun tren, camiño de Barcelona. Isaura rebenta da curiosidade por saber con quen fala realmente.

Tal vez o entorno familiar ofrezca algunha pista, así que considera pertinente preguntarlle polos seus pais. A nai ben, contestou, pero o pai non. Está morto. Ela, de feito, acudira ao enterro. Non o lembraba? Claro, claro. Perdóame, pregoulle cunha fonética compunxida. Hoxe, aduciu, levaba un día horrible. Reunións, sobreinformación, estrés. Non te preocupes. Calquera ten un día deses. Por certo, non quería deixar de felicitala polo nacemento do seu fillo. Nada hai máis fermoso que dar vida a unha criatura. Fillo? Ela non ten ningún fillo. Nada nin nunca, subliña. Carallo. Agora é o home o que está ben desorientado. Ti non te chamas Rosa?